



CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE LA AGENCIA GALLEGA PARA LA GESTIÓN DEL CONOCIMIENTO EN SALUD Y BOEHRINGER INGELHEIM ESPAÑA S.A. PARA LA GRABACIÓN Y POSTERIOR DIFUSIÓN DE TRES PÍLDORAS FORMATIVAS EN RELACIÓN A LOS PACIENTES CRÓNICOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizou, o día 26 de novembro de 2025, coa entidade BOEHRINGER INGELHEIM ESPAÑA S.A o instrumento convencional arriba referido, cun prazo de vixencia dende o día seguinte ao da sinatura ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga

Que o instrumento convencional ten por obxecto a gravación, edición e difusión de pímulas formativas nun entorno dunha consulta real de atención primaria destinada aos profesionais sanitarios de medicina, enfermería e farmacia a través da plataforma de formación SHARE da ACIS.

Que existen converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamente no seguinte:

Que polo Decreto 112/2015 do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en diante ACIS), adscrita a Consellería de Sanidade. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovacións e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema Público de Saúde de Galicia.

Que segundo o artigo 42 dos seus estatutos, para o cumprimento dos seus obxectivos ACIS poderá contar, entre outros, con recursos procedentes de achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares

Que Boehringer Ingelheim España S.A é unha sociedade validamente constituída e existente conforme a lexislación española, dedicada entre outros a produción e distribución de produtos químicos e farmacéuticos, na súa máis ampla variedade.



Que o presente convenio formalizouse ao amparo do establecido no artigo 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que "As administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes..., no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios cos suxeito de dereito público e privado, sen que elo supoña unha cesión da titularidade da competencia", e de modo específico, no artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, no que se regulan os "Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral" e en cuxo apartado 1 establece que "Entenderase por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, aos efectos previstos nesta lei, aquel polo cal as entidades as que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, xa sexa dineraria, en especie ou consista nunha prestación de servizos realizada no exercicio da actividade económica propia do colaborador, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades. Esta difusión poderá ser realizada, así mesmo, polo colaborador. A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúen unha prestación de servizos".

ACIS vai a realizar a gravación, edición e difusión de pímulas formativas nun entorno dunha consulta real de atención primaria destinadas aos profesionais sanitarios de medicina, enfermaría e farmacia, coa finalidade de mellorar e actualizar a atención dos doentes con diabetes tipo 2, enfermidade renal crónica e doente crónico complexo. A ACIS comprométese a difundir a participación da entidade colaboradora no material e nos vídeos das pímulas formativas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

